



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONTRATACIÓN DE PRESTACIÓNS CONSISTENTES NA SUBMINISTRACIÓN DE
MEZCLA BITUMINOSA EN FRÍO PARA O PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DE LUGO. EXP0002SU19-ABO.



Á vista da documentación incorporada no expediente para promover a CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MEZCLA BITUMINOSA EN FRÍO PARA O PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO. EXP0002SU19-ABO, elabórase a presente memoria xustificativa:

PRIMEIRA PARTE: FASE DE PREPARACIÓN DO CONTRATO

1.- OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto de contrato é a contratación de prestacións consistentes na subministración de mezcla bituminosa en frío para o Parque Móbil da Deputación Provincial de Lugo, de acordo coas condicións establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e no Prego de Prescricións Técnica (PPT) que ostentarán carácter contractual.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación da LCSP, xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu artigo 4. Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Necesidade administrativa a satisfacer e relación co obxecto do contratación.

A necesidade administrativa a satisfacer concrétase no informe do Xefe do Parque Móbil nos seguintes termos:

“O artigo 30 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público regula a “Execución directa de prestacións pola Administración Pública coa colaboración de empresarios particulares ou a través de medios propios non personificados”, dispoñendo:

1. A execución de obras poderá realizarse polos servizos da Administración Pública, xa sexa empregando exclusivamente medios propios non personificados ou coa colaboración de empresarios particulares cando concorra algunha destas circunstancias:(...) g) As obras de mera conservación e mantemento, definidas no artigo 232.5 (Se o menoscabo se produce no tempo polo natural uso do ben, as obras necesarias para a súa emenda terán o carácter de conservación. As obras de mantemento terán o mesmo carácter que as de conservación).

(...) 4. Cando, de conformidade cos apartados anteriores deste artigo, a execución das obras ou a fabricación dos bens mobles se efectúe en colaboración con empresarios particulares, o réxime xurídico aplicable a estes contratos será o previsto para os contratos de obras ou de subministración na presente Lei. A selección do empresario colaborador efectuarase polos procedementos de adjudicación establecidos no artigo 131, salvo no caso previsto na letra d) do apartado 1 do presente artigo.

A provincia de Lugo ten unha extensa rede de estradas provinciais, ademais de vías municipais. Resulta necesario manter a súa viabilidade, así como emendar os menoscabos que se produzan nas mesmas pola climatoloxía adversa e polo seu natural uso.



A Deputación de Lugo conta con medios propios non personificados para a realización dos traballos de conservación destas vías, isto é, os vehículos e os condutores adscritos ao Parque Móbil provincial. De feito, en datas recentes, adquiriuse un camión pluma e creouse un novo equipo para reparación de vías.

Así, dispoñendo a Deputación de Lugo de medios propios, faise necesaria a colaboración de empresarios particulares para a subministración de mezcla bituminosa en frío para a realización dos traballos e da que non dispón esta Administración nin, obviamente, está en disposición de fabricar.

Así, en aplicación do disposto no devandito artigo 30.4 da LCSP, a selección deste empresario colaborador deberá efectuarse polos procedementos de adxudicación establecidos no artigo 131 da mesma Lei.

Polo exposto, é necesario iniciar os trámites para levar a cabo a contratación da subministración de mezcla bituminosa en frío para o parque móbil da Deputación Provincial de Lugo.”

Non división en lotes. Xustificación:

De acordo co previsto no art. 99 da LCSP, a división en lotes pasa a ser a regra xeral e debe xustificarse a non división. Neste procedemento non existe división por lotes posto que segundo informe da Enxeñeira Técnica de Obras Públicas:

“Respecto al artículo 99.3 de la Ley 9/2017, de 8 noviembre, de Contratos del Sector Público, no se considera adecuado dividir en lotes el objeto del contrato, puesto que es necesario disponer de un único punto de referencia para el suministro de la mezcla bituminosa en frío, lo más cercano posible a las dependencias del Parque Móvil de la Diputación de Lugo, de donde saldrán los vehículos para cargar el suministro en la planta de la empresa que resulte adjudicataria. Esto es importante para evitar mayores costes de desplazamientos y contaminación.

La división en lotes conllevaría reducir la operatividad para realizar las labores de mantenimiento, ya que son actuaciones concretas y puntuales, con lo que se simplificarían las funciones de dirección y control.”

2.- CRITERIOS DE SOLVENCIA.

Os medios acreditativos da solvencia económica, financeira e técnica conforme ao establecido nos artigos 74, 86 e 87 da LCSP e no Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do RXLCAP (R.D. 1098/2001, do 12 de outubro) especificanse na cláusula 17 apartado 8 do PCAP:

2.1. Solvencia económica e financeira.

Deberá acreditarse por algún dos seguintes medios:



a) Volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos, alo menos unha vez e media o valor estimado do contrato, sendo este importe igual a 136.080 euros.

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b) Xustificante dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais, no que se inclúa unha condición específica que garanta eventuais indemnizacións derivadas do incumprimento das prestacións contractuais da adxudicataria, por importe igual ou superior ao valor estimado: 90.720 euros.

En todo caso, este seguro debe ter efectos antes de comezar a execución do contrato. Deberá estar suscrito con carácter previo á adxudicación e a póliza deberá manterse en vigor durante todo o período da prestación do servizo ou, cando menos, compromiso vinculante de mantelo vixente durante a vixencia do contrato.

c) Patrimonio neto positivo, ao peche do último exercicio económico para o que esté vencida a obriga de aprobación de contas anuais por importe igual o superior a unidade.

2. Solvencia técnica ou profesional: Acreditarase de conformidade co artigo 89 da LCSP e co Real Decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do RXLC por DOUS dos seguintes medios:

a) Unha relación das principais subministracións realizadas de igual o similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato (63.504 euros).

b) Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade.



c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas técnicas.

Trátase de compatibilizar o acceso das PEMES á contratación do sector público, coa necesaria solvencia para unhas prestacións que requiren cualificación técnica.

3.- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN, VALOR ESTIMADO E EXISTENCIA DE CRÉDITO.

Informe de prezos: Na fixación do devandito orzamento coidouse que este fora axeitado aos prezos de mercado e tivéronse en conta todos os custos directos e indirectos así coma o beneficio industrial, de acordo co estipulado no artigo 100.2 da LCSP. Así, o Informe da Enxeñeira técnica de obras públicas refire:

(...)” se desglosa según la siguiente estimación de costes:

Coste directo (CD)	49.135,68
Coste indirecto (CI)	3136.32
Total coste (CD+CI)	52.272,00

Se informa que en los cálculos para el presupuesto del suministro de referencia, se han tenido en cuenta los precios generales del mercado, que vienen siendo de aplicación en la zona.”

Cómpre ter en conta que este tipo de produtos non poden descompoñerse en parámetros máis específicos posto que se trata de materiais simples, cuxos prezos calcúlanse con prezos de mercado, baixo o principio de prudencia valorativa, dadas as constantes fluctuacións dos prezos do sector.

Orzamento base de licitación: O orzamento base de licitación para este contrato é de 52.272,00 euros, incluíndo o importe sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%, 9.072,00 euros, que se engade aos 43.200,00 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

Valor estimado: O valor estimado do contrato é de 90.720 €, constituído pola suma do importe total sen IVE, incluíndo a posible prórroga e máis a modificación do 10% prevista neste PCAP.

Consignación orzamentaria: Segundo o Informe de Intervención de data 18 de decembro de 2018, existe consignación orzamentaria na aplicación 9201.210 do orzamento xeral do ano 2019, para a cantidade de 52.272,00 euros (IVE incluído). O expediente iniciou a súa tramitación de forma anticipada, de conformidade co previsto no artigo 117.2 e a D. A. 3ª.2 da LCSP, posto que a súa execución comezaría no exercicio de 2018, pero a data de hoxe,



unha vez iniciado o exercicio económico 2019, continuase a súa tramitación como tramitación ordinaria.

SEGUNDA PARTE: FASE DE ADXUDICACIÓN

1.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto, de acordo co establecido no artigos 116.4a e 131 da LCSP, e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta, consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP; criterios que figuran na cláusula 12 do PCAP.

2.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

A adxudicación do contrato farase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación con base na mellor relación calidade-prezo, todos eles criterios obxectivos, avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, que teñen relación coa prestación nas distintas fases do ciclo, incluída á entrega da subministración (como ocorre co criterio do menor tempo de desprazamento), nos termos do artigo 145 da LCSP.

CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA
Menor prezo ofertado	60
Menor tempo de desprazamento	30
Fomento da contratación feminina	5
Mellora do orzamento de control de calidade	5
Total	100

Os criterios cualitativos aplican tamén consideracións de tipo social e ambiental (o menor tempo de desprazamento supón aforros en combustible e menor emisión de contaminación a atmosfera), nos termos do artigo 145 da LCSP.

TERCEIRA PARTE: FASE DE EXECUCIÓN

PREVISIÓN NO PCAP DE CONDICIÓNS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN.

Consonte ao previsto nos artigos 122 e 202 da LCSP, no prego fíxanse expresamente varias condicións especiais de execución, asignándolles a cualificación de obrigas contractuais esenciais, coas consecuencias que pode carrexar como causa extintiva do contrato (artigo 211.1 letra f); ou ben sen esa cualificación, para aplicar penalidades nos termos do artigo 192 LCSP.

Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:



- Executar as prestacións obxecto do contrato no período máximo de execución previsto neste prego e, no seu caso, no que resulte da adxudicación.
- A empresa adxudicataria cumprirá rigorosamente as súas obrigas de afiliación e cotización á Seguridade Social de todo o persoal que intervén nesta contratación. A estes efectos, terá a obriga de acreditar que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social e no pagamento dos salarios do persoal adscrito á execución do contrato, a cuxo fin debe aportar declaración responsable de cumprir con todas e cada unha destas obrigas cada tres meses vencidos desde o inicio da prestación e con ocasión da presentación da última das facturas referentes ás prestacións contratadas. A Administración resérvase a facultade de solicitar os TC1 e as nóminas deste persoal e a transferencia bancaria, como medio de acreditar o pagamento. A comprobación do exposto corresponde ao responsable do contrato asistido, se o estima necesario, polo Servizo de Contratación e Fomento.
- Cumprir coas melloras ofrecidas, especificamente, as establecidas como criterios de adxudicación na cláusula 12ª deste PCAP.

O incumprimento destas condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais deste apartado constitúe causa de resolución contractual, consonte co establecido no art. 211.1 letra f da LCSP.

Ao incumprimento das restantes obrigas contractuais aplicarase o sistema de penalidades previsto no PCAP.

CUARTA PARTE: DETERMINACIÓNS SOBRE TRANSPARENCIA

1.- REGULACIÓN HARMONIZADA E RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN.

Dado o valor estimado, esta contratación non se atopa suxeita a regulación harmonizada, de acordo co previsto no artigo 21 da LCSP, coas contías actualizadas.

Non cabe recurso especial en materia de contratación o valor estimado é inferior a 100.000 euros, ao abeiro do disposto no artigo 44 da LCSP.

2.- UNIDADES TRAMITADORAS RESPONSABLES.

- Unidade técnica encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato (art 62.1 LCSP): Parque Móbil.
- Unidade xurídica encargada da contratación administrativa. Servizo de Contratación e Fomento.

ENTIDADE CONTRATANTE	DEPUTACION DE LUGO CIF: P-2700000-I San Marco, 8 -27001 Lugo		
OFICINA CONTABLE	Servizo de contabilidade	Código DIR3	LA0004267



ORGANO XESTOR	Presidencia	Código DIR3	LA0004268
UNIDADE TRAMITADORA	Parque móvil	Código DIR3	LA0004251

- Identificación nominal do órgano interventor: cumprírase o estipulado na disposición adicional 3ª da LCSP.

3.- RESOLUCIÓN DE DÚBIDAS.

Na cláusula 31 do PCAP establécese unha canle para contestar dúbidas sobre os pregos que rexen esta contratación e na cláusula 32 prevese a posibilidade dunha sesión explicativa para a presentación de ofertas por medios electrónicos, en caso de que se solicite por algún licitador.

CONCLUSIÓN:

Da información exposta na presente *Memoria Xustificativa* pode deducirse a necesidade manifestada como directa, clara e proporcional. A xuízo de quen subscribe, resulta necesaria e está xustificada a licitación da contratación das prestacións consistentes na subministración de mezcla bituminosa en frío para o Parque Móbil provincial.

O que informo para os efectos oportunos en cumprimento do establecido nos artigos 28, 63 e 116 da LCSP.

Lugo, 7 de febreiro de 2019.

O XEFE DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

Asdo. Manuel Ángel Jove Losada

CONFORME e tramítese o expediente

O PRESIDENTE
P.D. Decreto nº 0402/2017, de data 20-02-2017
O DEPUTADO PROVINCIAL,

Asdo. Pablo Rivera Capón.